




ESTUDES 2025

ENQUISA SOBRE O USO DE DROGAS EN ENSINANZAS
SECUNDARIAS EN ESPAÑA (ESTUDES) 2025

Informe Galicia



1. Introducción.....	3
2. Obxectivos.....	3
3. Metodoloxía	4
3.1. Aspectos xerais.....	4
3.2. Ámbito da enquisa	4
3.3. Deseño e características da mostra. Ponderación.	4
3.4. Traballo de campo. Recollida da información.....	7
3.5. Outros aspectos metodolóxicos	8
4. Resultados.....	8
4.1. Prevalencia de consumo de substancias psicactivas.....	8
4.2. Consumo por tipo de substancia psicactiva	10
4.2.1. Bebidas alcohólicas.....	10
4.2.2. Bebidas enerxéticas	16
4.2.3. Tabaco.....	18
4.2.4. Cigarros electrónicos	19
4.2.5. Pipas de auga	20
4.2.6. Hipnosedantes	21
4.2.7. Cannabis.....	24
4.2.8. Policonsumo	28
4.3. Percepcións e opinións da poboación ante as substancias psicactivas.	31
4.3.1 Percepción de risco.....	31
4.3.3. Nivel de información sobre substancias psicactivas	35
4.3.4. Valoración da importancia de diversas accións para intentar resolver o problema das drogas.....	37
4.4. Contorno de lecer	38
4.4.1. Actividades de lecer	38
4.4.2. Saídas nocturnas, frecuencia e horario de regreso á casa	40
4.5. Adicións comportamentais.....	42
4.5.1. Videoxogos.....	42
4.5.2. Xogo con diñeiro	43
4.5.3. Internet	45
4.5.4. Uso problemático de redes sociais	46
4.5.5. Pornografía	48

1. Introducción

Durante 2025 realizouse unha nova edición da enquisa ESTUDES, que se enmarca na serie de enquisas que se veñen realizando en España de forma bienal desde 1994 e que teñen como obxectivo coñecer a situación e as tendencias do consumo de drogas e outras adiccións entre os estudantes de 14 a 18 anos que cursan ensinanzas secundarias.

O seu financiamento e promoción correspóndenlle á Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas (DGPNSD) e conta coa colaboración das comunidades autónomas (plans autonómicos sobre drogas e consellerías de Educación) e do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

A metodoloxía é similar á utilizada noutros países da Unión Europea e nos Estados Unidos, o que permite realizar comparacións internacionais.

Neste informe preséntanse os resultados relativos á Comunidade Autónoma de Galicia. Para a obtención destes resultados tívose en conta a mostra do estudo nacional asignado a Galicia xunto coa ampliación contratada polo Goberno de Galicia. A ampliación realizada dá resposta á necesidade de poder obter unha análise máis detallada da información no ámbito autonómico.

2. Obxectivos

ESTUDES ten por obxectivo solicitar información de valor para deseñar e avaliar políticas dirixidas a previr o consumo de drogas e outras adiccións e os problemas derivados, que se orientan principalmente ao medio familiar e/ou escolar. Esta información complementa a que se consegue a través doutras enquisas e indicadores epidemiolóxicos.

A partir deste obxectivo xeral, establécense os seguintes obxectivos específicos:

- Coñecer a prevalencia de consumo das distintas drogas psicactivas e doutras adiccións.
- Coñecer as características sociodemográficas máis importantes dos consumidores.
- Coñecer algúns padróns de consumo relevantes.
- Estimar as opinións, coñecementos, percepcións e actitudes ante determinados aspectos relacionados co abuso de drogas (dispoñibilidade percibida, risco percibido ante diversas condutas de consumo) e algúns factores relacionados co consumo e outras adiccións.
- Estimar o grao de exposición e receptividade do estudantado a determinadas intervencións.

3. Metodoloxía

3.1. Aspectos xerais

Nome: ESTUDES. Enquisa sobre uso de drogas nas ensinanzas secundarias en España.

Descrición da enquisa: enquisa a estudantes (14-18 anos) realizada en centros educativos.

Periodicidade: ESTUDES realízase cada dous anos desde 1994.

Responsable da enquisa: Observatorio Español da Droga e as Adiccións (OEDA). Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas (DGPNSD). Ministerio de Sanidade.

3.2. Ámbito da enquisa

Ámbito xeográfico: a enquisa realízase en todo o ámbito nacional. Neste informe céntrase nos resultados obtidos na Comunidade Autónoma de Galicia.

O deseño da mostra permite unha aceptable precisión en canto aos resultados sobre as prevalencias do consumo de drogas no ámbito nacional, pero non no ámbito da comunidade autónoma. Por esa razón, grazas á achega extra de mostra da ampliación realizada por Galicia, é posible analizar con fiabilidade os consumos e adiccións analizados neste informe.

Ámbito poboacional: o universo está composto por estudantes de 14 a 18 anos que cursan ensinanzas secundarias (terceiro e cuarto de ensino secundario obrigatorio, primeiro e segundo de bacharelato, formación profesional básica e ciclos formativos de grao medio de formación profesional) en España e en Galicia.

Ámbito temporal: o período de recollida de información foi do 10 de febreiro ao 10 de xuño de 2025. En Galicia o período de recollida foi do 10 de febreiro ao 12 de maio de 2025.

3.3. Deseño e características da mostra. Ponderación

Marco mostral: o marco mostral utilizado para seleccionar a mostra foi a poboación de estudantes matriculada en centros educativos en terceiro e cuarto de ensino secundario obrigatorio (ESO), primeiro e segundo de bacharelato, primeiro e segundo de ciclos de formación profesional básica e ciclos formativos de grao medio de formación profesional. Quedan excluídos deste marco determinados colectivos, como son os alumnos de 14 anos que cursan educación primaria, aqueles de 18 anos que están matriculados en estudos universitarios, o estudiantado de 14 a 18 anos que non asistiu á clase o día e hora no que se cubriu a enquisa (ausentes), os estudantes de ensinanzas de réxime xeral incluídos en programas de garantía social e a distancia, e os estudantes de ensinanzas de réxime nocturno e de ensinanzas de réxime especial. O nesgo derivado do absentismo e da proporción de xuventude de 14 a 18 anos que queda fóra do marco, presumiblemente permaneceu sen cambios relevantes ao longo da serie e, polo tanto, cabe esperar que a súa repercusión nos resultados sobre consumo de drogas e outras adiccións en España teña un carácter residual.

Procedemento de mostraxe: realizouse unha mostraxe por conglomerados bietápico, onde en primeira instancia se seleccionaron aleatoriamente centros educativos (unidades de primeira etapa) e

en segundo lugar aulas (unidades de segunda etapa). Proporcionóuselle o cuestionario a todo o alumnado presente nestes centros.

Para a selección dos centros educativos, utilizáronse listaxes do Rexistro de Centros Docentes do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Estratificouse o marco mostral polas comunidades e cidades autónomas que integran o territorio español (obtivo un total de 19 estratos), pola titularidade xurídica dos centros (dous estratos: centros educativos públicos e privados) e o tipo de ensino que imparten (catro estratos: ESO —terceiro e cuarto—, bacharelato, FP básica e CFGM). Todos os centros tiñan a mesma probabilidade de participación na enquisa dentro de cada estrato, independentemente do seu tamaño, como vén asegurándose desde o ano 2000. Do mesmo xeito, na selección final das aulas dos centros escollidos, todas elas contaban coa mesma probabilidade de seren seleccionadas e elixíronse dúas aulas por centro para a participación na enquisa do mesmo estrato de ensino.

Ampliacións da mostra: nesta edición de ESTUDES as comunidades de Andalucía, Aragón, Asturias, Cantabria, Castela e León, Castela-A Mancha, Galicia, Madrid, Rexión de Murcia, Navarra, País Vasco, A Ríoxa e Ceuta ampliaron a súa mostra correspondente de centros co obxectivo de obter información específica para o seu territorio cunha marxe de erro estatístico menor.

Mostra realizada:

		Total España	Galicia
UNIVERSO	Estudiantes 14-18 anos	2 095 646	101 271
PUNTOS MOSTRAIS	Total	836	50
	Públicos	607	39
	Privados/Concertados	229	11
AULAS	Total	1658	97
	Públicos	1201	75
	Privados/Concertados	457	22
ALUMNADO ENTREVISTADO (MOSTRA)	Total	35 256	2133
	Públicos	24 442	1623
	Privados/Concertados	10 814	510

(*) Alumnado matriculado en terceiro e cuarto da ESO, bacharelato, curso de formación profesional básica e ciclos formativos medios de formación profesional (régime xeral, ordinario) con idades entre os 14 e 18 anos. Curso 2022-2023. Fonte: Ministerio de Educación e Formación Profesional

Mostras por idade e sexo

	Total España	Galicia
14 anos	6456	391
15 anos	8389	505
16 anos	9755	612
17 anos	9499	567
18 anos	1157	58
Home	17 668	1045
Muller	17 588	1088

Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con

precaución.

Erros mostrais:

A continuación, móstranse os erros mostrais para ESTUDES 2025:

	UNIVERSO Alumnado 14-18 anos	Mostra	Erro mostral (±)
Galicia	101 271	2133	2,14 %
Total España	2 095 646	35 256	0,63 %

Os erros mostrais calculados realizáronse para un nivel de confianza do 95,5 % (dous sigma) e baixo o suposto de máxima indeterminación ($p=q=0,5$).

Mostras e erros mostrais ESTUDES 2023:

	UNIVERSO Estudantado 14-18 anos	Mostra	Erro mostral (±)
Galicia	91 430	2185	2,11 %
Total España	1 840 943	42 208	0,60 %

Do mesmo xeito ca para 2023, os erros mostrais calculados realizáronse para un nivel de confianza do 95,5 % (dous sigma) e baixo o suposto de máxima indeterminación ($p=q=0,5$).

3.4. Traballo de campo. Recollida da información

Método de recollida: unha vez que se estable un primeiro contacto e se concerta unha cita co centro seleccionado, o traballador de campo acode a este e explícalle ao seu responsable a metodoloxía da enquisa e o proceso do traballo. Logo de seleccionar as aulas e pactar a data da enquisa, acódese de novo ao centro e procédese a aplicar o cuestionario.

Cuestionario: empregouse un cuestionario estandarizado e anónimo, similar ao doutras enquisas realizadas en Europa e nos Estados Unidos, o que permite realizar comparacións.

O cuestionario é de tipo «autoadministrado» e cóbreo por escrito (papel e lapis) todo o alumnado das aulas seleccionadas durante unha clase normal (45-60 minutos).

O cuestionario está dispoñible tanto en castelán coma no resto das linguas cooficiais: catalán, vasco, galego e valenciano; co obxectivo de atender as peculiaridades lingüísticas de cada comunidade autónoma.

O cuestionario inclúe un módulo básico de preguntas presente en todas as edicións anteriores, ao que se foron incorporando distintos módulos temáticos ao longo do tempo. En 2006 engadiuse por primeira vez o módulo sobre consumo problemático de cannabis; en 2010 incorporouse o módulo sobre novas substancias psicactivas; e en 2014 introducíronse os módulos sobre uso de Internet e outras condutas relacionadas, así como o de xogo con diñeiro. Posteriormente, en 2016, engadiuse un

módulo sobre o consumo de substancias estimulantes utilizadas para mellorar o rendemento no estudo e, en 2019, incorporouse un módulo específico sobre videoxogos. En 2023, incluíuse por primeira vez un módulo dedicado á pornografía e, finalmente, na presente edición de 2025, introducíronse dúas novidades: un módulo sobre o uso problemático de pornografía e outro sobre o uso de redes sociais e o seu consumo problemático.

Taxa de participación dos centros e resposta do alumnado: a taxa de participación dos centros situouse no 88,2 % no ámbito nacional e en Galicia foi do 80 %. A maioría dos motivos debeuse á negativa directa de centro a colaborar coa enquisa. A taxa de resposta do alumnado situouse nun 99,7 %, exactamente o mesmo nivel ca a taxa nacional.

Non se rexistraron incidencias relevantes en canto á colaboración por parte de directores, xefes de estudo, docentes ou alumnado.

3.5. Outros aspectos metodolóxicos

A ponderación para a análise de resultados realizouse en función da comunidade autónoma (19 estratos), titularidade do centro (público, privado) e tipo de estudos (ESO, bacharelato, formación profesional básica, ciclos formativos de grao medio de formación profesional), para axustar a proporcionalidade da mostra con respecto ao universo.

A información sobre a distribución do universo segundo as tres variables de ponderación obtívose do Ministerio de Educación e Formación Profesional baseándose nos datos do alumnado de 14 a 18 anos dispoñibles no momento da elaboración da análise (curso 2022/23). Esta información sobre o universo utilizouse igualmente para crear o factor de expansión da mostra, que permite obter os resultados referidos a unidades poboacionais (miles de persoas). Deste xeito establécese a equivalencia de cada caso mostral coa poboación á que representa.

4. Resultados

4.1. Prevalencia de consumo de substancias psiactivas

En Galicia, o alcohol mantense como a droga con maior extensión de consumo entre o alumnado de ensinanza secundaria de 14 a 18 anos. Así, na devandita zona, o 72,9 % recoñece que consome esta substancia psiactiva nalgún momento da súa vida, mentres que o 70,1 % afirma que inxeriu bebidas alcohólicas nos últimos 12 meses e o 51,3 %, que o consumiu nos 30 días previos á realización da enquisa. Independentemente do período temporal analizado, os niveis de consumo rexistrados en 2025 son inferiores aos observados en 2023.


Tras o alcohol, aínda que a maior distancia, o tabaco posiciónase como a segunda droga máis consumida polo alumnado. Neste sentido, o 29,2 % fumou tabaco algunha vez na súa vida, o 24,7 % fíxoo durante o último ano e o 18,9 % confirma un consumo no último mes. De igual maneira ca co alcohol, experimentanse descensos nos consumos de tabaco con respecto a hai dous anos, aínda que con variacións máis acusadas (6,8; 6,2 e 6,1 puntos porcentuais, respectivamente).

Pola súa banda, o cannabis está no posto número 3 das drogas máis consumidas polo estudiantado galego de ensinanza secundaria. Con respecto ás cifras, o 20,2 % afirma que consumiu cannabis algunha vez na súa vida, mentres que o consumo dentro do último ano se sitúa no 16,4 % e no 12,2 % cando a franxa temporal se circunscribe ao último mes. Seguindo a mesma tónica ca en substancias anteriores, con respecto ao 2023, os niveis de consumo descenden en todas as temporalidades analizadas: 8,4 puntos porcentuais menos nalguna ocasión (28,6 % na pasada edición), 8,3 puntos no último ano (24,7 %) e 6,4 nos últimos 30 días (18,6 %).

No que se refire aos hipnosedantes (tranquilizantes/somníferos), estes sitúanse como a cuarta droga máis consumida polo estudiantado de 14 a 18 anos na Comunidade Autónoma de Galicia. Así, un 17,8 % dos estudantes recoñece que tomou este tipo de substancias nalguna ocasión (21,8 % en 2023), un 12,9 % que o fixo no último ano (17,2 % en 2023) e un 7,6 % recentemente (10,4 % en 2023).

Con respecto ao resto de substancias analizadas no estudo (analxésicos opiáceos, cocaína, alucinógenos, anfetaminas, éxtase, GHB, inhalables volátiles, heroína), os niveis de prevalencia dentro da poboación estudiantil de secundaria de Galicia son inferiores ao 5 % e, na maioría dos casos e franxas temporais, baixan con respecto ás observadas na medición de 2023.

Figura 1. Prevalencia do consumo de drogas algunha vez na vida, nos últimos 12 meses e nos últimos 30 días entre o alumnado de ensinanza secundaria de 14-18 anos (%). Galicia, 2023-2025



* Tranquilizantes e/ou somníferos

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanza secundaria en España (ESTUDES)

4.2. Consumo por tipo de substancia psicoactiva

4.2.1. Bebidas alcohólicas

Entre o alumnado de 14 a 18 anos, o alcohol é o que presenta a maior prevalencia de consumo de todas as substancias psicoactivas analizadas, tanto en Galicia coma no conxunto nacional. Non obstante, ao comparar ambos os territorios, detéctanse certas variacións en todas as franxas temporais: cando se trata de consumo nalguna ocasión, a media española supera en 1 punto porcentual a galega (73,9 % e 72,9 %, respectivamente), mentres que, cando se trata de consumo no último mes, en Galicia a taxa (51,3 %) achégase á observada en España (51,8 %).


En canto á comparativa cos datos de 2023, en ambos os escenarios (galego e nacional), as prevalencias do consumo de alcohol son máis baixas en todas as franxas temporais.

Ao detallar a análise segundo a idade do alumnado, apréciase que en Galicia o 43,2 % do estudiantado de 14 anos recoñece que toma alcohol nalgún momento (48,7 % en 2023) e detéctase unha tendencia alcista a medida que aumenta a idade: a prevalencia máxima alcánzase aos 17 anos, cun 85,4 %, aínda que, a pesar diso, segue sendo inferior ao mesmo colectivo de hai dous anos (87,6 % en 2023). Non obstante, é importante especificar que un hábito similar tamén se observa no ámbito nacional, que pasa dun consumo do 53,6 % aos 14 anos ata o 84,2 % no alumnado de 17 anos.

Ao poñermos o foco nos padróns observados no último mes, en Galicia o 21,4 % do alumnado de 14 anos afirma que inxeriu bebidas alcohólicas no devandito período (28,9 % en 2023), que sobe ata o 63,8 % de consumo no caso do estudiantado de 17 anos (75,0 % en 2023). No conxunto nacional, séguese unha liña similar: entre os máis novos o consumo é do 30,9 % e aos 17 anos é do 63,9 %.

Por sexo, a conclusión é a mesma con independencia do territorio: en todas as franxas, as mozas realizan un consumo de alcohol superior ao dos mozos, tendencia que xa se viña rexistrando tamén en 2023.

Figura 2. Prevalencia de consumo de alcohol algunha vez na vida, nos últimos 12 meses e nos últimos 30 días entre o estudiantado de ensinanza secundaria de 14-18 anos (%). Galicia-España, 2023-2025



Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanza secundaria en España (ESTUDES)

Táboa 1. Prevalencia do consumo de alcohol algunha vez na vida, nos últimos 12 meses e últimos 30 días entre o estudiantado de ensinanza secundaria de 14-18 anos, segundo sexo e idade (%). Galicia-España, 2023-2025

	GALICIA 2023	GALICIA 2025	ESPAÑA 2023	ESPAÑA 2025
Algunha vez na vida				
Home	73,8	70,7	73,7	72,4
Muller	77,1	75,1	78,1	75,3
14 anos	48,7	43,2	58,0	53,6
15 anos	69,3	66,3	70,1	67,9
16 anos	82,3	82,0	81,2	79,6
17 anos	87,6	85,4	86,7	84,2
18 anos	93,4	84,9	88,2	86,2
Últimos 12 meses				
Home	72,5	66,8	71,2	69,5
Muller	75,0	73,3	76,1	72,5
14 anos	46,7	38,8	55,0	50,2
15 anos	66,8	63,9	67,7	64,9
16 anos	81,1	79,2	79,3	76,8
17 anos	86,8	83,0	84,7	81,4
18 anos	90,0	81,5	86,5	84,7
Últimos 30 días				
Home	58,1	49,5	54,5	51,5
Muller	59,5	53,0	58,7	52,2
14 anos	28,9	21,4	36,5	30,9
15 anos	49,6	43,8	49,2	43,1
16 anos	66,1	60,8	61,7	57,6
17 anos	75,0	63,8	69,7	63,9
18 anos	78,6	63,4	73,8	71,0

Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanza secundaria en España (ESTUDES)

Intoxicacións etílicas agudas (bebedeiras) e consumo en enchente (*binge drinking*)

As intoxicacións etílicas agudas ou bebedeiras é unha práctica de consumo de alcohol que tamén se analiza en ESTUDES. Os datos obtidos informan de que en Galicia o 43,1 % do estudiantado de secundaria con idades comprendidas entre os 14 e 18 anos se emborrachou algunha vez na súa vida, proporción lixeiramente inferior á media española (44,1 %).

Este fenómeno tamén ofrece conclusións interesantes segundo a idade do estudiantado. Neste sentido, o 13,9 % do alumnado de 14 anos da rexión galega menciona que se emborrachou nalgunha ocasión, descendendo o valor rexistrado en 2023 (16,6 %). Igualmente, o paso dos anos acentúa esta práctica ata chegar a niveis máximos do 62,5 % entre o estudiantado galego de 17 anos, supoñendo un decrecemento de 2,9 puntos porcentuais con respecto a 2023 nesta franxa de idade.

Realizando un exercicio comparativo coa media nacional, apréciase que as prevalencias de intoxicacións etílicas agudas do estudiantado de secundaria de Galicia son inferiores en todos os tramos de idade, ata chegar ao segmento dos 17 anos onde se inverte a tendencia.

Se atendemos á franxa do último mes, apréciase que o 3,7 % do alumnado de Galicia de 14 anos experimentou unha bebedeira e este dato é máis baixo ca o da media nacional (5,7 %) e ca o do anterior valor rexional (7,2 %). Porén, estas prevalencias van aumentando ata alcanzar o seu valor máis alto no segmento dos 17 anos (29,2 %; 34,0 % en 2023).

En canto ao sexo, en Galicia, as alumnas de 14 a 18 anos emborracháronse recentemente (últimos 30 días) menos ca os mozos (17,6 % fronte a 18,2 %); o que replica unha situación similar á nacional (17,5 % mozos e 17,0 % mozas).

Táboa 2. Prevalencia de intoxicacións etílicas entre o estudiantado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos, segundo sexo e idade (%). Galicia-España, 2023-2025

	GALICIA 2023	GALICIA 2025	ESPAÑA 2023	ESPAÑA 2025
Algunha vez na vida				
Total	46,3	43,1	47,5	44,1
Home	45,2	40,0	43,9	41,6
Muller	47,4	46,1	51,2	46,7
14 anos	16,6	13,9	22,5	17,4
15 anos	34,3	27,2	38,3	32,2
16 anos	53,0	52,4	54,1	52,3
17 anos	65,4	62,5	63,8	60,1
18 anos	68,2	54,9	68,5	62,5
Últimos 30 días				
Total	23,3	17,9	20,8	17,2
Home	22,8	18,2	19,7	17,5
Muller	23,7	17,6	21,9	17,0
14 anos	7,2	3,7	8,1	5,7
15 anos	15,9	11,1	15,2	10,7
16 anos	27,5	20,5	24,3	20,4
17 anos	34,0	29,2	29,8	25,3
18 anos	34,1	18,8	32,3	28,6

Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Enténdese por *binge drinking* ou consumo en enchente cando un alumno inxeriu 5 ou máis vasos, canas ou copas de bebidas alcohólicas nunha mesma ocasión, é dicir, nun intervalo aproximado de dúas horas.


No referido á Comunidade Autónoma de Galicia, este tipo de prácticas entre a poboación estudiantil de secundaria ten unha extensión de consumo nos últimos 30 días do 23,8 %, proporción levemente inferior á media nacional (24,7 %), e experimenta tamén un decrecemento con respecto ao dato rexional de 2023 (29,4 %).

Do mesmo xeito ca coas bebedeiras, o fenómeno do *binge drinking* ten unha relación estreita co aumento da idade do estudiantado. Nesta liña, este padrón de consumo no último mes en Galicia detéctase no 5,8 % do alumnado de 14 anos (12,3 % en 2023) e é máis do dobre aos 15 anos (17,0 %, en 2023, 20,5 %) e case seis veces superior aos 17 anos (34,0 %; 39,2 % en 2023).

Con respecto ao sexo do estudiantado de 14 a 18 anos de Galicia, os alumnos homes declaran que

realizan esta pauta de consumo en maior medida ca as mulleres (26,4 % fronte ao 21,2 %) e rexístrase unha tendencia similar no conxunto nacional (26,1 % en mozos e 23,3 % en mozas).

Figura 3. Prevalencia de *binge drinking* nos últimos 30 días entre o estudantado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos, segundo sexo e idade (%). Galicia-España, 2023-2025



Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Modos de obtención do alcohol

Ao profundarmos sobre os modos de obtención do alcohol, conséntase que, en Galicia, o 27,5 % do estudantado de 14 a 18 anos consegue ou compra el mesmo o alcohol, é dicir, accede a el directamente (tendencia que tamén ocorre en España, aínda que en menor proporción, 24,6 %), aínda que non se pode obviar que un 22,1 % do alumnado galego acode a outras persoas maiores de idade para conseguir bebidas alcohólicas.

Táboa 3. Modos nos que comprou ou conseguiu bebidas alcohólicas o estudantado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos nos últimos 30 días (%). Galicia-España, 2023-2025

	GALICIA 2023	GALICIA 2025	ESPAÑA 2023	ESPAÑA 2025
Ti directamente	32,2	27,5	28,6	24,6
A través doutras persoas de 18 anos ou maiores	23,2	22,1	23,0	21,7
A través doutras persoas menores de 18 anos	7,9	8,4	8,3	7,0
Doutra forma	3,8	4,3	4,3	4,1

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Motivos para beber alcohol

De todos os motivos expostos para consumir alcohol, o feito de que «é máis divertido ou anima as

festas» é o máis comentado por parte do alumnado galego de 14 a 18 anos (68,2 %). En segundo lugar, aínda que en menor medida ca o anterior, xustifican o seu consumo aludindo a que lles gusta a sensación que lles proporciona (44,7 %). A terceira posición corresponde a que lles axuda a desinhibirse ou a ligar máis (21,8 %). Con respecto ao 2023, mantéñense os principais motivos, agás que na terceira posición se situaba o feito de que o alcohol axudaba a esquecerse de todo (27,7 % na pasada edición, 19,5 % na actualidade).

No ámbito nacional, a razón de que o consumo de alcohol é divertido e anima as festas tamén se sitúa en primeira posición (66,6 %).

Táboa 4. Razóns para o consumo de bebidas alcohólicas no estudantado de ensinanza secundaria de 14-18 anos nos últimos 12 meses (%). Galicia-España, 2023-2025

	GALICIA		ESPAÑA	
	2023	2025	2023	2025
Gústalle como se sente despois de beber	42,0	44,7	37,8	38,0
É divertido e anima as festas	69,3	68,2	68,3	66,6
Só para emborracharse	14,4	13,4	12,8	13,2
Por encaixar no grupo ou non sentirse excluído	10,4	6,5	8,0	7,4
Axúdalle a esquecerse de todo	27,7	19,5	24,6	20,9
Cre que é saudable ou forma parte dunha alimentación equilibrada	3,6	3,0	3,5	3,3
Axúdalle a desinhibirse ou a ligar máis	25,8	21,8	19,4	17,5

FONTE: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanza secundaria en España (ESTUDES)

Consumo segundo o tipo de bebida alcohólica

Os cubalibres posiciónanse como o tipo de bebida alcohólica con maior prevalencia de consumo durante os últimos 7 días (16,6 %). No ámbito nacional pasa o mesmo, aínda que en maior proporción (18,3 % de consumo de cubalibres). Se se compara coa anterior medición, pódese concluír que se trata dunha bebida que vai perdendo relevancia en ambos os territorios (24,5 % e 22,4 %, respectivamente, en 2023). Tras os cubalibres, atópase a cervexa: 12,0 % en Galicia (15,6 % en 2023) e 11,5 % no ámbito nacional (13,6 % en 2023).

O resto das bebidas analizadas (licores fortes, licores de froitas, viño e vermú) alcanza proporcións iguais ou inferiores ao 7 % en ambos os territorios.

Táboa 5. Prevalencia do consumo dos distintos tipos de bebidas alcohólicas durante os 7 días previos á enquisa entre o estudiantado de ensinanza secundaria de 14-18 anos (%). Galicia-España, 2023-2025

	GALICIA 2023	GALICIA 2025	ESPAÑA 2023	ESPAÑA 2025
Viño	5,9	5,2	5,8	5,7
Cervexa	15,6	12,0	13,6	11,5
Vermú	2,6	1,8	1,6	1,4
Cubalibres	24,5	16,6	22,4	18,3
Licores froitas	5,9	4,9	5,7	4,7
Licores fortes	10,7	6,8	9,8	7,0


Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensanzas secundarias en España (ESTUDES)

Botellón

Un 44,8 % do estudiantado de secundaria de 14 a 18 anos de Galicia afirma que realizou botellón nos últimos 12 meses, resultado superior ao observado na referencia nacional (41,6 %). Comparando coa pasada edición de ESTUDES, en ambos os escenarios xeográficos se produce un descenso nesta práctica de inxestión (1,7 puntos porcentuais na rexión e 5,8 no ámbito nacional).

Ao cruzar este dato con variables sociodemográficas, hai que indicar que o botellón ten unha prevalencia maior entre as alumnas en ambas as zonas xeográficas, aínda que no caso de Galicia as diferenzas son máis altas (7,8 puntos porcentuais, fronte aos 2,9 do conxunto nacional). Con respecto á idade, o salto máis grande na extensión de consumo do botellón no último ano prodúcese entre os 15 e os 16 anos, xa que en Galicia se pasa dunha participación en botellóns do 31,7 % aos 15 anos ao 54,7 % aos 16 anos, o que supón un incremento de 23 puntos, dato que non se logra en ningún do resto das franxas de idade. De feito, no ámbito nacional, aínda que a diferenza máis ampla se produce no mesmo intervalo, a variación é de 15,3 puntos porcentuais.

Figura 4. Prevalencia do botellón nos últimos 12 meses entre o estudiantado de ensanzas secundarias de 14-18 anos (%), segundo sexo e idade. Galicia-España, 2023-2025



Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensanzas secundarias en España (ESTUDES)

4.2.2. Bebidas enerxéticas


As bebidas enerxéticas (como o Red Bull, Burn, Monster etc.) son outra das substancias analizadas en ESTUDES. Nos 30 días previos á enquisa, o 31,3 % do alumnado galego de 14 a 18 anos recoñece que consumiu este tipo de bebidas, polo que é inferior á prevalencia media nacional (38,4 %). Con respecto ao 2023, o consumo destas bebidas na poboación estudiantil de secundaria baixa notablemente na comunidade galega (45,6 % na pasada edición), de igual xeito ca no conxunto nacional (baixa 9,3 puntos; 47,7 %).

En xeral, este tipo de bebida é máis consumida entre os alumnos ca entre as alumnas. Entre o alumnado galego, o 39,1 % dos mozos declara que tomou bebidas enerxéticas no último mes fronte ao 23,7 % das mozas; mentres que a media nacional rexistra un 45,7 % e un 31,0 %, respectivamente.

Por idades, os saltos que se producen nas diferentes franxas de idade son menos abruptos en comparación con outras prácticas relacionadas co alcohol que rexistran variacións máis grandes. Neste sentido, en Galicia pásase dun consumo do 25,8 % no alumnado de 14 anos ao 33,8 % no de 16 anos (valor máximo, xa que aos 17 anos se produce un descenso, 32,2 %); mentres que no ámbito nacional o percorrido segue unha tendencia similar.

Ademais de abordar o consumo das bebidas enerxéticas, tamén se indagou sobre a súa combinación coas bebidas alcohólicas. Os resultados atopados indican que, nos últimos 30 días, o 13,7 % do estudiantado de Galicia declara que inxire este tipo de mesturas (no ámbito nacional a prevalencia é do 15,2 %). Desde unha perspectiva sociodemográfica, tanto en Galicia coma en España, o alumnado masculino e as franxas de idade máis altas son os que mostran unha maior tendencia a mesturar bebidas enerxéticas e alcohólicas.


Figura 5. Prevalencia do consumo de bebidas enerxéticas nos últimos 30 días, entre o alumnado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos (%) segundo sexo e idade. Galicia-España, 2023-2025



Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Figura 6. Prevalencia do consumo de bebidas enerxéticas mesturadas con alcohol nos últimos 30 días entre o alumnado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos (%) segundo sexo e idade. Galicia-España, 2023-2025



Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

4.2.3. Tabaco

Despois do alcohol, o tabaco é a seguinte droga que máis consome o estudiantado de ensinanzas secundarias de 14 a 18 anos. Desta maneira, a prevalencia do consumo de tabaco nalgunha ocasión do alumnado galego é do 29,2 %, proporción máis alta ca a da media nacional (27,3 %). En comparación coa pasada edición, prodúcese unha caída no consumo desta droga en todas as franxas temporais analizadas nos dous territorios (rexional e nacional).


Axustando o prazo temporal aos últimos 12 meses, vemos que o 24,7 % do estudiantado galego fumou tabaco dentro dese prazo temporal, proporción maior á media nacional (21,2 %).

No que respecta á análise do consumo nos últimos 30 días, o 18,9 % do alumnado de Galicia afirma que fumou tabaco (15,5 % no conxunto nacional); mentres que o consumo diario dentro do mes na rexión baixa ao 5,6 % (4,3 % de media española).

A análise por idades tamén lanza padróns que cómpre comentar. Neste sentido, a prevalencia do consumo de tabaco nos 30 días previos á realización da enquisa rexistra un incremento directamente proporcional á idade. Así, en Galicia obsérvase un consumo de tabaco do 5,7 % entre o alumnado de 14 anos que aumenta progresivamente ata o 28,1 % no grupo de 17 anos. As maiores diferenzas coa media nacional atópanse nesta última franxa de idade cunha diferenza de 7,5 puntos porcentuais (28,1 % na comunidade autónoma e 20,6 % en España).


Por último, no caso de Galicia, a extensión do consumo de tabaco é maior entre os mozos ca nas mozas (20,4 % fronte a 17,4 %, respectivamente), aínda que no ámbito nacional, apenas hai diferenzas (15,4 % en homes e 15,6 % en mulleres).

Figura 7. Prevalencia do consumo de tabaco algunha vez na vida, nos últimos 12 meses, últimos 30 días e diariamente entre o alumnado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos (%). Galicia-España, 2023-2025



Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Figura 8. Prevalencia do tabaco nos últimos 30 días entre o alumnado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos segundo sexo e idade (%). Galicia-España, 2023-2025



Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.


Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

4.2.4. Cigarros electrónicos

No referido ao uso de cigarros electrónicos, o primeiro que se observa é que o 41,4 % do estudiantado de ensinanzas secundarias de 14 a 18 anos de Galicia consumiu este tipo de substancias nalgũa ocasión, dato notablemente inferior á media nacional (49,5 %). En comparación coa pasada edición, as prevalencias dos cigarros electrónicos nesta franxa descenden de forma considerable na rexión, pasando do 49,4 % ao 41,4 % e subindo do 48,4 % ao 54,6 % en España.

Nas franxas temporais do último ano e mes, prodúcese unha tendencia similar entre o alumnado galego: baixa con respecto á pasada edición (-8,6 e -3,4 puntos porcentuais, respectivamente) e rexistra unha prevalencia menor en comparación co ámbito nacional (33,0 % fronte a 40,8 % e 17,4 % fronte a 27,1 %).

Figura 9. Prevalencia do consumo de cigarros electrónicos entre o alumnado de ensinanzas secundarias de 14-18 (porcentaxes). Galicia-España, 2023-2025




FONTE: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Do mesmo xeito ca con outras substancias, a idade tamén é un condicionante no consumo: na rexión hai un aumento progresivo segundo as diferentes franxas de idade, pasando dunha extensión do 24,3 % aos 14 anos ata o 50,7 % no segmento de 17 anos cando fai referencia ao marco temporal dalgunha vez na vida. Do mesmo xeito, no conxunto nacional ocorre esta tendencia, aínda que en maior proporción ca na comunidade autónoma.

Segundo o sexo, en Galicia os homes declaran un maior consumo (42,5 %) ca as mulleres (40,3 %). Con todo, no ámbito nacional o alumnado masculino manifesta unha prevalencia menor ca as mozas (48,5 % fronte a 50,5 %).

Figura 10. Prevalencia do consumo de cigarros electrónicos algunha vez na vida entre o alumnado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos segundo sexo e idade (%). Galicia-España, 2023-2025



Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

FONTE: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)


4.2.5. Pipas de auga

Outro dos consumos que mide a enquisa ESTUDES son as pipas de auga. Neste sentido, pódese observar que a prevalencia do uso deste dispositivo en Galicia é inferior á media nacional nas dúas franxas temporais analizadas.

Mentres que o 19,0 % do alumnado galego de 14 a 18 anos de ensinanzas secundarias recoñece que consume pipas de auga nalgunha ocasión, a porcentaxe aumenta ata o 27,8 % cando se se pon foco no conxunto nacional.

De igual xeito ocorre cando circunscribimos a análise aos últimos 12 meses, nos que a extensión do consumo entre o alumnado galego é do 14,5 % e ascende ao 20,9 % en España.

Figura 11. Prevalencia do consumo de pipas de auga entre o alumnado de ensinanza secundaria de 14-18 anos (%). Galicia-España, 2023-2025



FONTE: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanza secundaria en España (ESTUDES)

4.2.6. Hipnosedantes


Na enquisa, cando se fai alusión aos hipnosedantes, fálase de tranquilizantes/sedantes e somníferos, que son medicamentos que deben distribuírse con receita médica. Á hora de entender o alcance destas substancias, no cuestionario identifícanse os tranquilizantes como medicamentos para acougar os nervios ou a ansiedade e os somníferos como medicamentos para durmir. Ademais, indícase que o consumo de substancias como a valeriana, a pasiflora, a dormidina ou a melatonina non se deben ter en conta como consumo de hipnosedantes.

Hipnosedantes (con ou sen receita médica)

Con independencia do tramo temporal, a extensión de consumo dos hipnosedantes (con ou sen receita médica) en Galicia é moi semellante á media nacional. Neste sentido, o 17,8 % do alumnado galego de secundaria afirma que consumiu estas drogas nalgún momento da súa vida (17,9 % en España), o 12,9 % fronte ao 13,1 % se temos en conta o último ano, mentres que o consumo recente, no último mes, é de 7,6 % na rexión e 7,8 % no conxunto nacional.

A análise evolutiva cos resultados de 2023 informa dunha tendencia á baixa nos dous territorios e en todas as franxas temporais.


Figura 12. Prevalencia do consumo de hipnosedantes (con ou sen receita médica) algunha vez na vida, nos últimos 12 meses e últimos 30 días entre o alumnado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos (%). Galicia-España, 2023-2025



Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Tomando como referencia as variables de sexo e idade, apréciase que a extensión do consumo de hipnosedantes no último ano ten unha maior relevancia entre as estudantes femininas, tanto na rexión galega coma no ámbito nacional; mentres que, na idade, o pico máis alto de consumo na comunidade autónoma se produce aos 15 anos e aos 17 cando se pon o foco no conxunto nacional. En concreto, os datos de consumo en mozas (17,2 % en Galicia e 16,7 % de media española) case dobran os dos mozos (8,5 % e 9,6 %, respectivamente); aínda que, en comparación co 2023, o segmento feminino diminúe a súa prevalencia para ambos os dous escenarios xeográficos. Con respecto ás franxas de idade máis relevantes, os niveis de consumo sitúanse no 15,0 % para o alumnado galego de 15 anos (15,6 % en 2023) e de 15,3 % para o conxunto nacional no segmento dos 17 anos (16,6 % en 2023).

Figura 13. Prevalencia do consumo de hipnosedantes (con ou sen receita) nos últimos 12 meses entre o alumnado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos segundo sexo e idade (%). Galicia-España, 2023-2025



Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.


Fonte: OEDA. Enquisa sobre Uso de Drogas en Ensinanzas Secundarias en España (ESTUDES).

Hipnosedantes (sen receita médica)

Abordando os hipnosedantes que se toman sen ser recitados por un facultativo, a extensión do consumo nalgũa ocasión declarada polo alumnado de secundaria de Galicia é do 9,1 %, lixeiramente por debaixo do dato no ámbito nacional (9,5 %) e do anterior rexistro rexional (9,8 %).

Ao centrarmos a análise no último ano, os hipnosedantes sen receita teñen unha prevalencia en Galicia do 6,7 % (7,9 % en 2023 e 7,0 % no ámbito nacional), mentres que, se observamos os datos do mes previo á realización da enquisa, os niveis de consumo sitúanse no 3,5 % para a comunidade, o que supón tamén un descenso con respecto a 2023 (4,2 %) e ao conxunto español (3,9 %).

Figura 14. Prevalencia do consumo de hipnosedantes sen receita médica algunha vez na vida, nos últimos 12 meses e últimos 30 días entre o alumnado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos (%). Galicia-España, 2023-2025




Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Se analizamos os resultados do consumo no último ano en función do sexo, volvemos ver que o consumo de hipnosedantes sen prescrición previa é máis prevalente entre as mozas de Galicia (8,8 %) ca entre os mozos (4,6 %). Ao tomar como referencia a idade, a maior presenza de persoas consumidoras dáse entre o alumnado de 15 anos, cunha proporción do 8,8 %.

Con respecto ao ano 2023, en xeral, baixa a extensión do consumo para este prazo temporal en Galicia, xa que pasa de 7,9 % a 6,7 %. No ámbito nacional tamén observamos un lixeiro decrecemento no consumo destas substancias, que pasan dun 7,4 % en 2023 a un 7,0 %).

Figura 15. Prevalencia do consumo de hipnosedantes sen receita nos últimos 12 meses entre o alumnado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos segundo sexo e idade (%). Galicia-España, 2023-2025



Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)


4.2.7. Cannabis

De entre todas as substancias psicactivas ilegais analizadas, o cannabis é a que rexistra unha maior prevalencia, tanto entre o alumnado galego coma entre o español de ensinanzas secundarias de 14 a 18 anos. Desta forma, o 20,2 % do estudiantado de Galicia consumiu esta droga, polo menos unha vez na súa vida, valor que se sitúa lixeiramente por debaixo do dato nacional (21,0 %).

Con respecto ao tramo temporal dos últimos 12 meses, o estudiantado que confirma un consumo de cannabis representa o 16,4 % do alumnado de Galicia, valor que figura por enriba da referencia no conxunto de España (15,5 %). De igual maneira, cando se centra a análise nos últimos 30 días, pódese comprobar que a proporción do consumo en Galicia (12,2 %) está levemente máis alta ca a media española (11,6 %).

En comparación coa enquisa ESTUDES 2023, e do mesmo xeito que ocorre no ámbito estatal, obsérvase na comunidade un decrecemento xeneralizado no consumo de cannabis en todos os tramos temporais analizados.

Figura 16. Prevalencia do consumo de cannabis algunha vez na vida, nos últimos 12 meses e últimos 30 días entre o alumnado de ensinanza secundaria de 14-18 anos (%). Galicia-España, 2023-2025



Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanza secundaria en España (ESTUDES)

Ao profundarmos nas prevalencias do consumo de cannabis segundo a idade do alumnado, pódese apreciar que, en Galicia, o 8,0 % do estudantado de 14 anos declara que consumiu cannabis nalgunha ocasión, subindo ao 28,6 % no caso dos 18 anos. Estes incrementos tamén se producen no conxunto nacional, onde se pasa dun consumo do 9,7 % aos 14 anos ao 28,4 % aos 17 anos. Observando os datos en función do sexo, na rexión galega o consumo de cannabis presenta notables diferenzas (o 23,5 % dos mozos consumiu algunha vez na vida fronte ao 16,9 % nas mozas). Na gran maioría dos segmentos de idade e sexo, a prevalencia en Galicia é inferior á porcentaxe nacional.

En canto ao tramo temporal referido aos últimos 30 días, en Galicia a porcentaxe de alumnado de 14 anos que consumiu cannabis no último mes redúcese ao 4,9 % dos casos, mentres que aumenta progresivamente ata o 17,0 % na franxa de idade dos 17 anos. Pola súa banda, o consumo recente de cannabis na comunidade autónoma está máis presente entre os mozos ca entre as mozas (15,6 % fronte ao 8,9 %).

Táboa 6. Prevalencia do consumo de cannabis algunha vez na vida, nos últimos 12 meses e nos últimos 30 días entre o estudiantado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos segundo sexo e idade (%). Galicia-España, 2023-2025

	GALICIA 2023	GALICIA 2025	ESPAÑA 2023	ESPAÑA 2025
Algunha vez na vida				
TOTAL	28,6	20,2	26,9	21,0
Home	31,1	23,5	27,6	23,4
Muller	25,9	16,9	26,2	18,6
14 anos	13,5	8,0	12,8	9,7
15 anos	18,5	13,5	20,5	14,4
16 anos	32,3	23,7	29,1	25,1
17 anos	40,9	28,6	37,2	28,4
18 anos	42,0	26,6	45,8	28,7
Últimos 12 meses				
TOTAL	24,7	16,4	21,8	15,5
Home	26,8	19,4	22,5	17,6
Muller	22,4	13,4	21,0	13,4
14 anos	10,5	6,0	9,8	6,2
15 anos	16,1	10,2	16,6	10,4
16 anos	28,1	19,7	23,9	19,8
17 anos	35,2	23,9	30,3	20,5
18 anos	38,7	17,4	35,6	21,5
Últimos 30 días				
TOTAL	18,6	12,2	15,6	11,6
Home	20,8	15,6	16,7	13,5
Muller	16,1	8,9	14,5	9,6
14 anos	7,7	4,9	7,8	5,3
15 anos	11,7	7,1	12,2	8,0
16 anos	21,7	16,3	17,0	15,1
17 anos	25,6	17,0	20,9	14,4
18 anos	31,5	6,9	26,1	15,5

Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Características do consumo de cannabis: cantidade e tipo

En canto á forma de consumo dentro do período dos últimos 30 días, o alumnado galego sinala que o que consumiu principalmente é haxix (42,0 %), mentres que aproximadamente un de cada tres recoñece un consumo indistinto, tanto de marihuana coma de haxix (36,7 %). A este respecto, e en comparanza con 2023, pódese observar que, mentres o consumo de haxix en exclusividade en Galicia subiu 5,8 puntos porcentuais (de 36,2 % a 42,0 %), o consumo principal de marihuana descendeu ata 4,7 puntos porcentuais entre os consumidores habituais, pasando do 26,0 % en 2023 ao 21,3 % na actualidade.

Se se compara o dato galego co escenario nacional, pódense ver padróns de comportamento diferenciados, xa que na referencia española hai unha maior prevalencia de consumo principal de marihuana (31,4 %) en detrimento do consumo habitual de haxix (33,2 %).

Doutra banda, en ambos os escenarios xeográficos hai unha maioría que fuma cannabis mesturándoo con tabaco (73,8 % en Galicia e 70,1 % en España). Ademais, de media, os galegos que consomen cannabis recoñecen que fuman 3,9 porros ao día, valor case idéntico á referencia nacional (3,8).

Táboa 7. Caracterización do consumo de cannabis do estudiantado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos que consumiron cannabis nos últimos 30 días (%). Galicia-España, 2023-2025

		GALICIA 2023	GALICIA 2025	ESPAÑA 2023	ESPAÑA 2025
TIPO DE CONSUMO DE CANNABIS	Principalmente marihuana (herba)	26,0	21,3	35,2	31,4
	Principalmente haxix (resina, chocolate)	36,2	42,0	30,2	33,2
	Dos 2 tipos	37,8	36,7	34,6	35,4
MESTURA DO CANNABIS CON TABACO	Si	78,8	73,8	75,7	70,1
	Non	21,2	26,2	24,3	29,9
Media de porros consumidos o día que se consome cannabis		3,6	3,9	3,4	3,8

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Consumo de risco de cannabis. Escala CAST

A gran maioría dos consumidores de cannabis son consumidores experimentais ou ocasionais. Non obstante, nunha proporción de casos, o padrón de consumo desta substancia aumenta o risco de padecer efectos sobre a propia saúde, desenvolver dependencia, obter peor rendemento académico ou laboral etc.¹

É necesario, pois, introducir métodos que permitan discriminar o uso problemático de cannabis daquel que non o é. Con este fin, e no seo dun proxecto de colaboración co EMCDDA (Observatorio Europeo das Drogas e das Toxicomanías), viñéronse incluíndo desde 2006 unha serie de escalas nas sucesivas edicións da enquisa ESTUDES (Enquisa estatal sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias) destinadas a avaliar o consumo problemático de cannabis.

¹ Hall W, Solowij N. Adverse effects of Cannabis. Lancet 1998; 352:1611-6.

Laumon B, Gadegbeku B, Martin JL, Biecheler MB. Cannabis intoxication and fatal road crashes in France: population based case-control study. BMJ 2005; 331: 1371.

Macleod J, Oakes R, Copello A, Crome I, Egger M, Hickman M et al. Psychological and social sequelae of Cannabis and other illicit drug use by young people: A systematic review of longitudinal, general population studies. Lancet 2004; 363: 1579-88.

Moore TH, Zammit S, Lingford-Hughes A, Barnes TR, Jones PB, Burke M et al. Cannabis use and risk of psychotic or affective mental health outcomes: A systematic review. Lancet 2007; 370: 319-28.

Zammit S, Moore TH, Lingford-Hughes A, Barnes TR, Jones PB, Burke M et al. Effects of Cannabis use on outcomes of psychotic disorders: Systematic review. Br. J. Psychiatry 2008; 193: 357-63.

Aldington S, Williams M, Nowitz M, Weatherall M, Pritchard A, McNaughton A et al. Effects of Cannabis on pulmonary structure, function and symptoms. Thorax 2007; 62: 1058-63.

Nas enquisas do ano 2023-2025, mantívose no cuestionario a escala CAST —*Cannabis Abuse Screening Test*— (Legleye *et al.*, 2007), que foi a que, desde un punto de vista psicométrico, produciu os resultados máis robustos con respecto ao resto das escalas avaliadas.

A escala CAST (elaborada en Francia por Francois Beck e Stephane Legleye) é un instrumento de cribado que consiste en seis preguntas que buscan identificar padróns ou condutas de risco asociadas ao consumo de cannabis no último ano. A puntuación obtida na escala clasifícase en:


Puntuación de 0-1: consumidores de non risco.

Puntuación de 2-3: consumidores de baixo risco.

Puntuación de 4 ou máis: consumidores problemáticos.

En Galicia, entre os estudantes que consumiron cannabis no último ano e contestaron a escala CAST, dous terzos deles (67,2 %) presentan un consumo de non risco, mentres que o 17,2 % manifesta un consumo de baixo risco e o 15,6 % presenta un consumo problemático. Estes resultados mostran un escenario de consumo problemático maior ca a media nacional (13,9 %), aínda que por debaixo do dato rexional do 2023 (17,5 %).

Figura 17. Categorización de resultados da escala CAST entre o estudiantado de ensinanzas secundarias de 14 a 18 anos que contestaron o cuestionario e consumiron cannabis nos últimos 12 meses (%). Galicia-España, 2023-2025



FONTE: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

4.2.8. Policonsumo

O policonsumo fai referencia ao consumo de diversas drogas nun mesmo período de tempo.

Se analizamos o período dalgunha vez na vida, o 38,4% do estudiantado de ensinanzas secundarias na Comunidade Autónoma de Galicia realizou algún tipo de policonsumo, é dicir, consumiu dúas ou máis substancias diferentes neste período, mentres que o 38,7 % declara que consumiu unha única substancia.

Pola súa banda, o estudiantado que non realizou ningún consumo de drogas na súa vida representa o 22,9 % do alumnado galego.

Tomando como período de referencia os 12 últimos meses, o 31,5 % do estudiantado de Galicia realizou policonsumo. O consumo dunha única substancia sobe ata o 41,3 %, mentres que a conduta de non consumo no último ano supón o 27,2 %.

Finalmente, no marco temporal dos últimos 30 días, a prevalencia dos policonsumidores galegos segue baixando ata o 22,4 %, deixando o consumo dunha única substancia nun 32,9 %. Desta forma, aqueles que recoñecen non consumir ningunha droga no último mes representan o 44,8 % do estudiantado de secundaria.

Independentemente do período considerado, pódese ver unha pauta común entre o estudiantado de Galicia á hora de comparar os datos actuais cos obtidos na anterior medición de 2023 e obsérvase un retroceso do policonsumo entre 6,3 e 7,5 puntos porcentuais nos tres tramos considerados.

Pola contra, os comportamentos analizados no ámbito autonómico presentan unhas prevalencias lixeiramente superiores ás recollidas no ámbito nacional calquera que sexa o período que tomemos como referencia, especialmente no caso do policonsumo recente, que é maior en Galicia por 2,4 puntos porcentuais.

Táboa 8. Prevalencia do número de substancias psicoactivas consumidas (legais e ilegais)* entre o estudiantado de ensinanza secundaria de 14-18 anos (%). Galicia-España, 2023-2025

	GALICIA 2023	GALICIA 2025	ESPAÑA 2023	ESPAÑA 2025
Algunha vez na vida				
Ningún consumo	20,3	22,9	19,9	21,8
Unha substancia	34,9	38,7	36,5	39,9
Dúas substancias	17,2	18,2	18,3	18,7
Tres substancias	15,2	11,7	15,4	11,8
Catro ou máis substancias	12,3	8,5	9,9	7,7
Últimos 12 meses				
Ningún consumo	23,3	27,2	23,3	26,1
Unha substancia	37,7	41,3	40,4	44,1
Dúas substancias	16,8	15,8	16,7	15,8
Tres substancias	13,0	9,9	12,7	9,0
Catro ou máis substancias	9,2	5,8	7,0	5,1
Últimos 30 días				
Ningún consumo	36,8	44,8	38,9	43,5
Unha substancia	33,6	32,9	35,4	36,6
Dúas substancias	15,6	12,6	13,9	11,5
Tres substancias	10,0	7,0	9,0	6,4
Catro ou máis substancias	4,0	2,8	2,9	2,1

Fonte: OEDA. Enquisa sobre Uso de drogas en ensanzas secundarias en España (ESTUDES)

* Drogas legais e ilegais: tabaco, alcohol, hipnosedantes con/sen receita, inhalables volátiles, cannabis, cocaína po, cocaína base, heroína, anfetaminas, éxtase, alucinóxenos e GHB

Atendendo á idade do alumno, e considerando os 12 meses previos á realización da enquisa, tanto no

ámbito autonómico coma no nacional pódese apreciar que, segundo avanza a idade deste grupo de mozos, se incrementa notablemente o policonsumo. En Galicia, o 12,4 % do estudiantado de 14 anos admite que consumiu dúas ou máis substancias diferentes no último ano. Esta proporción elévase ata o 43,5 % nos mozos de 17 anos. No conxunto de España, a tendencia é similar (14,7 % entre os mozos de 14 anos e 38,6 % entre o estudiantado de 17 anos).

Por outra banda, pódese apreciar que a proporción de estudantes que policonsumiron nos últimos 12 meses é claramente inferior á daqueles que aseguran que non consumiron ningunha substancia. Ademais, estas diferenzas intensifícanse co transcórren dos anos: mentres que o 55,5% do alumnado galego de 14 anos afirma que non consome ningunha substancia, esta porcentaxe redúcese ao 18,7 % e ao 15,3 % entre os de 16 e 17 anos, respectivamente.

Unha pauta que si se reproduce en Galicia, do mesmo xeito que ocorre no resto de España, é que o número de substancias diferentes consumidas nun mesmo período crece segundo aumenta a idade do estudiantado. Seguindo co tramo temporal dos últimos 12 meses e centrando a análise en Galicia, no grupo de 14 anos o consumo de tres ou máis substancias distintas representa un 4,2 % dos casos, mentres que no colectivo dos 17 anos a porcentaxe crece ata o 23,3 %.

Á hora de analizar os datos segundo a variable sexo, obtense que a prevalencia do policonsumo é lixeiramente máis elevada entre as mozas ca entre os mozos (32,8 % fronte ao 30,1 %). Esta mesma circunstancia tamén se reproduce no ámbito nacional cunha porcentaxe do 31,4 % entre as mozas e do 28,3 % no colectivo masculino.

Táboa 9. Distribución do número de substancias psicoactivas (legais e ilegais)* consumidas nos últimos 12 meses entre o estudiantado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos, por sexo e idade (%). Galicia-España, 2025

	GALICIA						
	Home	Muller	14 anos	15 anos	16 anos	17 anos	18 anos
Ningún consumo	30,2	24,3	55,5	33,4	18,7	15,3	15,6
Unha substancia	39,6	42,9	32,2	40,1	46,7	41,1	50,5
Dúas substancias	13,5	17,9	8,2	15,0	16,2	20,2	17,9
Tres substancias	10,5	9,3	2,5	8,0	10,0	16,3	5,2
Catro ou máis substancias	6,1	5,6	1,7	3,5	8,4	7,0	10,7

	ESPAÑA						
	Home	Muller	14 anos	15 anos	16 anos	17 anos	18 anos
Ningún consumo	27,9	24,2	45,2	32,2	20,5	16,3	13,6
Unha substancia	43,7	44,4	40,2	44,9	44,6	45,1	45,5
Dúas substancias	13,8	17,8	9,6	14,0	17,0	19,7	18,8
Tres substancias	9,1	8,9	3,3	5,4	11,4	12,4	14,5
Catro ou máis substancias	5,4	4,7	1,8	3,6	6,5	6,5	7,6

Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

FONTE: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

* Drogas legais e ilegais: tabaco, alcohol, hipnosedantes con/sen receita, inhalables volátiles, cannabis, cocaína po, cocaína base, heroína, anfetaminas, éxtase, alucinóxenos e GHB.

4.3. Percepcións e opinións da poboación ante as substancias psicoactivas

4.3.1. Percepción de risco

A percepción de risco examina en que medida o estudantado pensa que unha determinada conduta pode ocasionar problemas. Neste sentido, o risco asociado ao consumo de drogas compórtase como un elemento protector fronte ao consumo e constitúe un freo á hora de que o estudantado se expoñan a consumir este tipo de substancias psicoactivas. Esta percepción de risco varía de forma notable en función da substancia consumida e da frecuencia no consumo.

Así, cando facemos referencia ao consumo habitual de substancias ilegais como a heroína, a cocaína en po ou a éxtase, a práctica totalidade dos estudantes galegos (con porcentaxes iguais ou superiores ao 97 %) cren que consumir estas drogas unha vez por semana ou máis ten graves consecuencias. Esta porcentaxe diminúe lixeiramente a niveis de entre o 87 % e o 90 % cando se lles fala dun consumo esporádico (algunha vez), o que nos indica que unha parte minoritaria dos estudantes non considera que o consumo puntual destas substancias poida provocar problemas.

Con respecto á inxestión de alcohol, o 71,4 % dos alumnos da comunidade autónoma percibe un risco no feito de tomar cinco ou seis canas/copas de bebidas alcohólicas durante a fin de semana, porcentaxe lixeiramente superior á dos que asocian un risco á inxestión de unha ou dúas canas/copas a diario (69,2 %). Estas porcentaxes son superiores ás rexistradas no resto de España (67,6 % e 66,2 %, respectivamente).

En canto á substancia ilegal máis estendida, o cannabis, o 95,8 % do alumnado de Galicia recoñece que o seu consumo habitual pode ocasionar problemas, proporción que descende ata o 73,8 % no caso do consumo esporádico (algunha vez).

Finalmente, o feito de fumar un paquete de tabaco diario tamén presenta unha elevada percepción de risco entre o alumnado galego (94,6 %), que baixa ata o 81,4 % no caso do consumo dun máximo de cinco cigarros diarios.

Con respecto a 2023, vemos, en xeral, un incremento na percepción de risco asociado ao consumo xa sexa habitual ou esporádico de substancias psicoactivas entre o alumnado galego. Neste sentido, destaca a maior concienciación sobre o risco asociado ao consumo de cigarros electrónicos (do 42,6 % ao 57,8 %), e do cannabis algunha vez (do 64,8 % ao 73,8 %).

Aínda que en Galicia hai un incremento na percepción de risco en todas as substancias avaliadas, no escenario nacional hai algúns comportamentos que experimentan diminucións moi leves no seu risco percibido. É o caso de fumar un paquete de tabaco diario, tomar hipnosedantes ou consumir cocaína en po, éxtase ou heroína de forma habitual que rexistran variacións de entre 0,2 e 0,5 puntos porcentuais con respecto ao seu correspondente dato de 2023.

Táboa 10. Risco percibido polo alumnado de ensinanza secundaria de 14-18 anos ante o consumo de substancias psicoactivas (proporción de estudantes que pensan que esa conduta pode causar bastantes ou moitos problemas) (%). Galicia-España, 2023-2025

	GALICIA 2023	GALICIA 2025	ESPAÑA 2023	ESPAÑA 2025
Fumar 1 paquete de tabaco diario	94,3	94,6	93,4	93,3
Fumar de 1 a 5 cigarros diarios	79,0	81,4	79,0	81,2
Tomar 5 ou 6 canas/copas de bebidas alcohólicas na fin de semana	67,9	71,4	63,4	67,6
Tomar 1 ou 2 canas/copas de bebidas alcohólicas cada día	66,0	69,2	63,6	66,2
Tomar hipnosedantes habitualmente	88,6	89,5	88,4	87,9
Fumar cannabis habitualmente	92,5	95,8	92,7	94,1
Consumir cocaína en po habitualmente	96,7	97,2	96,0	95,7
Consumir éxtase habitualmente	96,8	97,0	95,9	95,7
Consumir heroína habitualmente	97,2	97,3	96,2	95,9
Fumar cigarros electrónicos	42,6	57,8	38,8	57,3
Fumar cannabis algunha vez	64,8	73,8	64,0	72,1
Consumir cocaína en po algunha vez	83,5	87,4	82,0	84,3
Consumir cocaína base algunha vez	86,3	89,1	84,5	86,0
Consumir éxtase algunha vez	84,4	87,6	83,0	85,5
Consumir anfetaminas ou speed algunha vez	85,1	89,4	84,1	86,2
Consumir alucinóxenos algunha vez	83,8	88,0	83,1	85,6
Consumir heroína algunha vez	88,3	90,1	86,1	87,2
Inxectarse drogas algunha vez	90,7	92,1	89,1	89,8
Consumir metanfetamina algunha vez	87,9	90,5	86,2	87,6

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensanzas secundarias en España (ESTUDES)

Cando analizamos os datos obtidos en función da variable sexo, obsérvanse unhas percepcións de risco superiores, en todas as condutas analizadas, no caso das mozas. O maior diferencial, de 9,4 puntos porcentuais, atopámolo na práctica de tomar unha ou dúas canas/copas de bebidas alcohólicas cada día.

Se atendemos á idade do alumno, a percepción de risco asociada ao consumo habitual de substancias ilegais (cannabis, cocaína en po, éxtase e heroína) está amplamente estendida en todos os grupos de idade, con porcentaxes superiores ao 94 % en todos os casos.

Con respecto á inxestión de alcohol e ao hábito de fumar dun a cinco cigarros diarios, o grao de preocupación diminúe a medida que a idade do mozo vai aumentando.

Neste sentido, tomar cinco ou seis canas/copas na fin de semana pasa dun nivel de preocupación do 75,4 % entre o alumnado galego de 14 anos ao 68,8 % entre o de 17 anos, mentres que a práctica de fumar entre un e cinco cigarros diarios é motivo de preocupación para o 84,4 % do estudantado de 14 anos da rexión e do 79,5 % no de 17 anos.

Táboa 11. Risco percibido polo estudiantado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos ante o consumo habitual de substancias psicactivas (proporción do estudiantado que pensa que esa conduta pode causar bastantes ou moitos problemas) segundo sexo e idade (%). Galicia, 2025

	Home	Muller	14 anos	15 anos	16 anos	17 anos	18 anos
Fumar 1 paquete de tabaco diario	92,6	96,4	92,8	95,4	94,9	94,9	93,0
Fumar de 1 a 5 cigarros diarios	76,6	85,5	84,4	84,7	79,1	79,5	81,3
Tomar 5 ou 6 canas/copas de bebidas alcohólicas na fin de semana	67,2	75,1	75,4	74,5	70,4	68,8	61,8
Tomar 1 ou 2 canas/copas de bebidas alcohólicas cada día	64,2	73,6	69,9	68,9	70,1	68,2	66,5
Tomar hipnosedantes habitualmente	87,6	91,1	87,7	90,5	89,6	90,5	81,5
Fumar cannabis habitualmente	92,9	98,3	94,3	97,4	96,7	94,8	93,1
Consumir cocaína en po habitualmente	95,1	99,1	94,9	98,6	97,4	97,5	96,6
Consumir éxtase habitualmente	95,0	98,8	94,5	98,4	97,4	97,1	96,6
Consumir heroína habitualmente	95,3	99,1	95,2	98,8	97,5	97,3	96,6

Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

FONTE: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES).

4.3.2. Percepción de dispoñibilidade

A dispoñibilidade percibida de drogas analiza en que medida os estudantes consideran que é fácil ou difícil acceder ás diferentes substancias psicactivas. A este respecto, o alcohol e o tabaco son, con gran distancia, as substancias consideradas como máis accesibles polo estudantado galego e español de entre 14 e 18 anos. Desta forma, o 93,6 % e o 91,7 % do alumnado residente en Galicia non atopa dificultade ningunha para conseguir bebidas alcohólicas ou tabaco, respectivamente. Estas porcentaxes son lixeiramente superiores ás obtidas no conxunto de España (91,6 % para o alcohol e 87,3 % no caso do tabaco).


Os hipnosedantes rexistran unha percepción de dispoñibilidade do 48,0 % en Galicia, porcentaxe sensiblemente máis alta ca no conxunto nacional (42,1 %).

Pola súa banda, o cannabis é a droga ilegal máis accesible para o alumnado de Galicia; presenta unha porcentaxe do 55,0 %.

É preciso indicar tamén que a percepción de dispoñibilidade se reduce significativamente cando se pon o foco no resto das substancias ilegais, con porcentaxes inferiores ao 34 %. De todas as substancias ilegais analizadas, a que presenta unha maior accesibilidade, tanto en Galicia coma no resto de España, segue sendo a cocaína en po (considerada accesible para o 33,8 % do alumnado galego e para o 25,9 % do español).

Tendo en conta todas as substancias, fóra do tabaco e dos hipnosedantes, obsérvase en Galicia un descenso desa sensación de dispoñibilidade en comparación coa pasada edición da enquisa e onde se obtén maior dispersión é no caso das anfetaminas (-5,3 puntos porcentuais).

Figura 18. Disponibilidade percibida de substancias psicoactivas entre o alumnado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos (proporción do estudiantado que pensa que sería relativamente fácil ou moi fácil conseguir cada droga) (%). Galicia-España, 2023-2025



Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)


4.3.3. Nivel de información sobre substancias psicoactivas

Outro dos aspectos que se abordan na enquisa é en que medida os estudantes cren que están informados con respecto ao tema das drogas. En Galicia, o 31,3 % do alumnado entrevistado afirma que está perfectamente informado sobre esta materia.

A opinión máis estendida entre o alumnado da comunidade autónoma é que conta cun grao de información suficiente sobre as drogas (o 43,3 %), mentres que o 18,7 % indica que está informado só a medias. Pola súa banda, o 6,7 % recoñece que está mal informado.

Comparando estes datos cos obtidos no ámbito nacional, conclúese que hai unha maior sensación de información entre o estudiantado de Galicia.


Figura 19. Nivel de información sobre o tema das drogas entre o estudiantado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos (%). Galicia-España, 2023-2025



Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Profundando nesta cuestión en función da idade do alumnado, non se aprecia unha relación lineal ascendente entre a idade e a crenza de estar perfectamente informados sobre o tema das drogas. De feito, a franxa de idade que manifesta un maior nivel de información ao respecto é a dos 16 anos (33,8 %).

Figura 20. Porcentaxe de estudantes de ensinanzas secundarias de 14-18 anos perfectamente informados sobre o tema das drogas (%) segundo a idade. Galicia, 2025



Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Por outra banda, a gran maioría dos estudantes de ensinanzas secundarias de 14 a 18 anos, tanto de Galicia coma do conxunto nacional, declara que recibiu formación no seu centro educativo sobre o consumo de drogas e os problemas derivados deste (89,8 % e 85,4 %, respectivamente); mentres que a información proporcionada no ámbito familiar sobre esta cuestión baixa ao 73,2 % en Galicia e ao 69,7 % na media española.

Das diferentes temáticas relacionadas coas drogas e outras adicións, a que ten un maior percorrido, en ambos os territorios xeográficos, é a información sobre os efectos e problemas asociados ao mal uso das novas tecnoloxías (82,5 % na rexión galega e 78,8 % en España). Pola contra, a información sobre os efectos e problemática vinculada ao xogo en liña e apostas ten unha menor taxa de difusión (57,5 % e 54,1 %, respectivamente).

Táboa 12. Porcentaxe do estudantado de ensinanzas secundarias de 14 a 18 anos que recibiu formación no seu centro educativo ou na súa familia sobre o consumo de drogas e os problemas asociados (%). Galicia-España, 2025

	GALICIA	ESPAÑA
Recibín información no centro educativo	89,8	85,4
Recibín información na miña familia	73,2	69,7

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Táboa 13. Porcentaxe do estudantado de ensinanzas secundarias de 14 a 18 anos que recibiu formación no seu centro educativo sobre o consumo de drogas e os problemas asociados e outras adicións (%). Galicia-España, 2025

	GALICIA	ESPAÑA
Efectos e problemas asociados a drogas legais	77,5	74,3
Efectos e problemas asociados a drogas ilegais	73,3	67,4
Efectos e problemas asociados ao mal uso das novas tecnoloxías	82,5	78,8
Efectos e problemas asociados ao xogo en liña, apostas	57,5	54,1

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

4.3.4. Valoración da importancia de diversas accións para intentar resolver o problema das drogas


Cando se lles expoñen aos alumnos enquisados diferentes medidas que poden ser efectivas para resolver o problema das drogas, o estudantado da Comunidade Autónoma de Galicia e, en xeral de España, outórgalle unha importancia practicamente unánime á educación nas escolas e ao control

policial e de aduanas, con porcentaxes arredor do 94 %-96 %.

Outras medidas que reciben un forte apoio entre a xuventude son cuestións como a aplicación de leis estritas contra as drogas e as campañas publicitarias sobre os riscos asociados: estas iniciativas son apoiadas por arredor do 90 % do alumnado, tanto en Galicia coma no conxunto nacional.

No lado oposto, as medidas que espertan menos confianza para resolver o problema das drogas son as relativas á legalización. A legalización do cannabis soamente é apoiada por menos da metade do estudiantado galego (41,6 %; 48,7 % en España), mentres que o apoio á legalización de todas as drogas baixa aínda máis, ata o 29,1 % (36,0 % de media española).

Figura 21. Valoración de diversas accións para resolver o problema das drogas entre o estudiantado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos (%)*. Galicia-España, 2023-2025



*Algo ou moi importante

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

4.4. Contorno de lecer

4.4.1. Actividades de lecer

Ao longo do cuestionario tamén se pregunta sobre a frecuencia coa que o estudiantado de secundaria realiza determinadas actividades de lecer no seu tempo libre: a práctica dalgún deporte, ler libros, saír polas noites, saír cos amigos polas tardes para pasar o tempo ou practicar algunha afección.

O 74,0 % do alumnado de Galicia practica algún deporte semanalmente. Este hábito está claramente máis estendido entre os mozos (84,6 %) ca entre as mozas (63,6 %). Doutra banda, a realización de exercicio físico diminúe de forma notoria segundo avanza a idade do alumno (o 83,5 % dos de 14 anos practica algún deporte semanalmente fronte ao 68,3 % do grupo dos 17 anos).

A frecuencia de lectura de libros como entretemento é moito máis reducida, en tanto que é levada a cabo de forma semanal polo 20,9 % do alumnado galego. Ao contrario do que ocorre co exercicio físico, a lectura de libros como entretemento está máis estendida entre o colectivo feminino, que dobra a frecuencia semanal dos alumnos masculinos (27,9 % das mozas fronte ao 13,8 % dos mozos). En función da idade do alumno, apréciase un descenso nesta actividade a medida que pasan os anos (do 25,7 % no segmento de 14 anos ao 18,2 % no de 17 anos).

Saír cos amigos polas tardes para pasar o tempo practícao con frecuencia semanal o 58,6 % do alumnado de Galicia. Neste caso, estamos ante un comportamento máis presente entre as mozas (61,2 % fronte ao 55,9 % dos mozos).

O lecer nocturno (saír a discotecas, bares, festas, cafés...) é unha actividade máis esporádica. A periodicidade semanal desta práctica redúcese entre o alumnado galego ao 13,7 % e a frecuencia entre os mozos (16,1 %) é máis alta ca entre as mozas (11,5 %).

Finalmente, o 33,9 % dos alumnos de ensinanzas secundarias de Galicia indica que conta cunha afección ao que lle dedica un tempo semanal (tocar un instrumento, pintar, escribir, cantar), alternativa de lecer que está estendida en menor medida entre os mozos (31,2 %) ca entre as mozas (36,7 %). O 38,5 % dos mozos da Comunidade Autónoma galega recoñece que non realiza estas actividades nunca.

Táboa 14. Frecuencia de actividades de lecer entre o alumnado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos segundo sexo e idade (%). Galicia, 2025

		TOTAL	Home	Muller	14 anos	15 anos	16 anos	17 anos	18 anos
Practico algún deporte, atletismo, fago exercicio	Nunca	8,0	5,2	10,7	5,5	6,6	9,2	9,5	5,3
	De 1 a 3 días ao ano	4,4	2,2	6,6	1,6	3,2	4,4	6,8	7,0
	De 1 a 3 días ao mes	13,6	8,0	19,1	9,4	13,9	13,5	15,3	20,2
	De 1 a 4 días por semana	51,6	52,0	51,2	58,4	52,9	50,6	48,5	42,4
	De 5 a 7 días por semana	22,4	32,6	12,4	25,1	23,4	22,4	19,8	25,2
Leo libros como entretemento (sen ter en conta os libros do colexio)	Nunca	35,8	45,4	26,2	28,8	35,3	40,8	36,0	27,6
	De 1 a 3 días ao ano	22,6	23,5	21,8	20,1	21,1	22,2	25,5	23,9
	De 1 a 3 días ao mes	20,7	17,3	24,1	25,5	19,4	19,2	20,3	22,7
	De 1 a 4 días por semana	12,1	9,6	14,5	15,2	12,1	10,6	11,6	13,9
	De 5 a 7 días por semana	8,8	4,2	13,4	10,5	12,1	7,1	6,6	11,8

Saio con amigos polas tardes para pasar o tempo	Nunca	2,5	4,1	1,0	2,4	3,0	2,0	3,0	0,0
	De 1 a 3 días ao ano	5,4	6,6	4,2	6,1	4,9	4,3	5,7	11,9
	De 1 a 3 días ao mes	33,5	33,4	33,6	34,0	30,6	33,3	34,6	44,1
	De 1 a 4 días por semana	53,1	49,4	56,7	55,4	56,9	53,8	48,9	44,0
	De 5 a 7 días por semana	5,5	6,5	4,5	2,2	4,6	6,5	7,7	0,0
Saio polas noites (a unha discoteca, bar, festa, café...)	Nunca	19,4	21,7	17,2	36,0	24,4	14,2	12,1	8,7
	De 1 a 3 días ao ano	18,8	18,1	19,5	28,0	24,9	13,7	13,4	22,3
	De 1 a 3 días ao mes	48,0	44,0	51,9	27,0	40,2	55,1	57,9	61,1
	De 1 a 4 días por semana	12,5	13,9	11,2	7,9	9,7	15,3	15,2	7,9
	De 5 a 7 días por semana	1,2	2,2	0,3	1,1	0,8	1,6	1,4	0,0
Outros hobbies (toco un instrumento, canto, escribo...)	Nunca	38,5	43,6	33,5	34,1	37,8	42,3	38,9	29,1
	De 1 a 3 días ao ano	11,3	10,7	11,9	11,0	11,2	9,7	12,9	14,7
	De 1 a 3 días ao mes	16,2	14,5	17,9	14,7	14,2	17,2	17,2	19,7
	De 1 a 4 días por semana	21,0	18,9	23,2	26,4	22,8	18,0	19,4	22,3
	De 5 a 7 días por semana	12,9	12,3	13,5	13,9	13,9	12,8	11,5	14,2

Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanza secundaria en España (ESTUDES)

4.4.2. Saídas nocturnas, frecuencia e horario de regreso á casa

Con respecto ás saídas nocturnas, á mocidade estudante de Galicia tamén se lle pregunta por temas como a frecuencia destas saídas e o horario de regreso á casa.

Considerando o arco temporal dos últimos 12 meses, o 26,0 % dos alumnos galegos admite que realiza saídas nocturnas polo menos unha vez á semana. Esta práctica semanal é máis frecuente entre os mozos (28,1 %) ca no colectivo feminino (24,0 %). Ao analizar os datos por grupos de idade, as saídas nocturnas soben de frecuencia a medida que avanza a idade do alumno: mentres que o 20,8 % do alumnado de 14 anos sae pola noite con periodicidade semanal, esta proporción ascende ata o 28,2 % no colectivo dos 17 anos.

Da mesma forma, segundo avanza a idade, o número de saídas semanais aumenta. Así, mentres que o 13,2 % do alumnado de 14 anos sae pola noite polo menos dúas veces á semana, esta proporción crece

ata o 18,3 % no caso do alumnado de 17 anos. Por último, hai que apuntar que o 10,3 % da poboación estudiantil galega de ensinanza secundaria sinala que non sae nunca polas noites.

Táboa 15. Frecuencia de saídas nocturnas (nos últimos 12 meses) no alumnado de ensinanza secundaria de 14 a 18 anos segundo sexo e idade (%). Galicia, 2025

	TOTAL	Home	Muller	14 anos	15 anos	16 anos	17 anos	18 anos
Nunca	10,3	12,0	8,7	17,0	13,6	8,6	7,0	0,0
Menos de 1 noite ao mes	23,5	23,6	23,4	31,6	25,8	20,5	19,8	30,3
De 1 a 3 noites ao mes	40,1	36,2	43,9	30,7	37,2	42,5	45,0	40,4
1 noite á semana	9,9	10,2	9,5	7,5	8,6	11,2	9,9	17,8
2 noites á semana	9,6	10,8	8,4	9,0	8,3	10,2	10,4	9,7
3-4 noites á semana	3,5	3,6	3,3	2,8	3,4	3,5	4,2	0,0
Máis de 4 noites á semana	3,1	3,5	2,8	1,4	3,2	3,5	3,7	1,8

Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanza secundaria en España (ESTUDES)

Doutra banda, a hora de volta á casa tamén se atrasa conforme aumenta a idade do alumnado.

Ao lles preguntar pola hora de regreso á casa na súa última saída nocturna na fin de semana, soamente o 3,2 % do alumnado de 14 anos admite que chegou á casa máis tarde das catro da madrugada, porcentaxe que sobe ata o 27,3 % no colectivo de 16 anos e ata o 44,6 % entre o alumnado de 17 anos.

Segundo o sexo do estudante, pódese observar que a hora de regreso á casa se atrasa máis no caso dos mozos. Mentres que o 27,3 % do colectivo masculino volve á casa máis tarde das catro da madrugada, esta porcentaxe redúcese ao 22,4 % entre as mozas.

Táboa 16. Proporción de estudantes de ensinanza secundaria de 14 a 18 anos que regresan á casa (última saída na fin de semana), en cada unha das franxas horarias sinaladas, segundo sexo e idade (%). Galicia, 2025

	TOTAL	Home	Muller	14 anos	15 anos	16 anos	17 anos	18 anos
Non saín polas noites nos últimos 12 meses	11,0	12,5	9,6	18,2	13,3	9,6	7,5	0,0
Antes das 12 da noite	10,6	10,5	10,7	26,8	15,7	4,8	3,4	6,9
Entre as 12 e a 1 da noite	10,0	10,1	9,9	20,1	13,4	6,9	4,2	11,9
Entre a 1 e as 2 da madrugada	10,6	11,0	10,2	14,4	13,8	9,6	7,0	8,2
Entre as 2 e as 3 da madrugada	13,5	13,3	13,7	8,4	15,7	16,1	12,7	6,5
Entre as 3 e as 4 da madrugada	19,5	15,4	23,6	8,9	17,6	25,7	20,6	24,6

Entre as 4 da madrugada e as 8 da mañá	20,9	22,0	19,9	2,6	9,4	22,7	37,5	35,2
Despois das 8 da mañá	3,9	5,3	2,5	0,5	1,2	4,5	7,1	6,8

Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

4.5. Adicións comportamentais


4.5.1. Videoxogos

En Galicia, o 83,7 % dos alumnos recoñece que xoga a videoxogos no último ano, proporción levemente por baixo da rexistrada no conxunto de España (84,4 %).

Polo que respecta á actividade cos eSports nos últimos 12 meses, o 34,7 % do alumnado galego declara que xogou de forma activa e sitúase por baixo do obtido no ámbito nacional (38,2 %). Neste punto debemos destacar o descenso que se rexistra nesta práctica, tanto no ámbito autonómico coma no nacional, de 4,3 e 1,1 puntos porcentuais, respectivamente.

En canto ao feito de ser espectadores mentres outros xogan eSports, en 2025, o 39,5 % do alumnado de Galicia admite que visualiza eSports, porcentaxe moi inferior á rexistrada na anterior medición de 2023 (52,2 %). Este mesmo comportamento rexístrase no conxunto de España (52,5 % en 2023 vs. 40,7 % en 2025).

Figura 22. Prevalencia do uso de videoxogos, eSports e espectador de eSports nos últimos 12 meses entre o alumnado de ensinanzas secundarias de 14-18 anos (%). Galicia-España, 2023-2025




Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Poñendo o foco da análise destas prácticas na variable sexo, pódese observar que a prevalencia destas

actividades é claramente superior no caso dos mozos. A inmensa maioría do alumnado de Galicia (96,7 %) admite que xogou a videoxogos no último ano (fronte ao 70,8 0% das mozas).

Doutra banda, nas actividades relacionadas cos eSports, a prevalencia do colectivo masculino é notablemente superior á das alumnas galegas, tanto na modalidade de xogador activo (50,5 % fronte a 18,9 %, respectivamente) coma na de mero espectador (57,3 % e 21,8 %). Por idades, ponse de manifesto que, a medida que aumenta o tramo etario, descende a presenza de alumnos no uso dos videoxogos, eSports e espectador de eSports.

Figura 23. Prevalencia de uso de videoxogos, eSports e espectador de eSports nos últimos 12 meses entre o alumnado de ensinanzas secundarias de 14 a 18 anos segundo idade e sexo (%). Galicia, 2025



Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)


4.5.2. Xogo con diñeiro

O 13,1 % do alumnado de ensinanzas secundarias de Galicia xogou en liña con diñeiro nos últimos 12 meses, porcentaxe moi parella á observada no ámbito nacional (13,0 %).

A prevalencia crece se nos referimos ao xogo na súa modalidade presencial, onde a porcentaxe de alumnos galegos que xogan se incrementa en 8 puntos porcentuais, ata o 21,1 %. Este crecemento é similar no conxunto nacional en tanto que o xogo presencial o practica o 20,9 % do alumnado español.

Desde o punto de vista evolutivo, en Galicia apréciase que o xogo en liña experimenta un leve incremento (pasando dunha prevalencia do 10,6 % en 2023 ao 13,1 % na actualidade). A mesma tendencia prodúcese no xogo presencial, cun aumento de 2,6 puntos porcentuais (18,5 % en 2023 vs. 21,1 % en 2025).

Figura 24. Prevalencia do xogo con diñeiro (en liña ou presencial) nos últimos 12 meses entre o alumnado de ensinanzas secundarias de 14 a 18 anos (%). Galicia-España, 2023-2025




Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Para explorar o posible xogo problemático, aplicóuselle ao alumnado de ensinanzas secundarias o cuestionario Lie/Bet. Trátase dun instrumento de cribado de tan só dúas preguntas nas que se indaga se o suxeito sentiu a necesidade de apostar cada vez máis ou se lles mentiu a persoas significativas sobre canto diñeiro gasta no xogo.

Con base nos resultados obtidos, pódese concluír que o 4,4 % dos alumnos galegos manifestan un posible xogo problemático, o que supón un leve descenso con respecto ao dato de 2023 (4,7 %), e tamén se se compara coa media nacional (4,9 %).


Profundando nesta cuestión segundo o sexo e a idade do alumnado galego, detéctase un posible xogo problemático en maior medida entre os homes (7,5 %) e os alumnos de 17 anos (6,9 %).

Figura 25. Prevalencia de posible xogo problemático estimada a partir da escala Lie/Bet entre a poboación de estudantes de ensinanzas secundarias de 14 a 18 anos (%). Galicia-España, 2023-2025



Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Figura 26. Prevalencia de posible xogo problemático estimada a partir da escala Lie/Bet entre o total do estudiantado de ensinanzas secundarias de 14 a 18 anos por sexo e idade (%). Galicia, 2025



Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.


Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

4.5.3. Internet

Segundo a escala CIUS, o 15,5 % dos alumnos galegos de entre 14 e 18 anos presenta un posible uso compulsivo de Internet, porcentaxe que descende levemente con respecto á anterior medición de 2023 (17,1 %).

Esta prevalencia no ámbito autonómico mantense por baixo da rexistrada no ámbito nacional (19,4 %).


Figura 27. Prevalencia de posible uso compulsivo de Internet entre o total do estudiantado de ensinanzas secundarias de 14 a 18 anos (%). Galicia-España, 2023-2025



Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Analizando por sexo, obsérvase que as alumnas galegas presentan un posible uso compulsivo de Internet superior ao dos mozos (19,9 % vs. 11,1 %). Por idades, aprécianse prevalencias moi similares, pero destaca a rexistrada entre os alumnos de 15 anos (17,3 %).

Figura 28. Prevalencia de posible uso compulsivo de Internet entre o total do estudiantado de ensinanza secundaria de 14 a 18 anos por sexo e idade (%). Galicia, 2025



Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanza secundaria en España (ESTUDES)

4.5.4. Uso problemático das redes sociais

Tendo en conta os 30 días previos á realización da enquisa, o 71,9 % do alumnado de ensinanza secundaria de Galicia recoñece que, durante un día de colexio, realizan un uso das redes sociais de, polo menos, dúas horas, situación que está máis presente entre as mozas ca entre os mozos (78,6 % fronte a 65,1 %). Situación similar ocorre no ámbito nacional, no que esta frecuencia de uso se sitúa no 72,6 % no ámbito global, mentres que as mozas supoñen o 77,5 % e os mozos o 67,7 %.

De feito, o peso de alumnos que declaran non facer uso das redes sociais é do 6,2 % en Galicia e do 5,8 % no conxunto nacional.

Se se pon o foco nun día no que non hai colexio, o nivel de uso das redes sociais de polo menos dúas horas alcanza o 87,7 % do alumnado galego e o 87,8 % da media nacional. Por sexos, en ambos os territorios as mulleres superan a barreira do 90 % (93,2 % e 91,8 %, respectivamente).

Táboa 17. Frecuencia de uso das redes sociais nos últimos 30 días entre o total do estudiantado de ensinanza secundaria de 14 a 18 anos, segundo sexo (%). Galicia-España, 2025

		GALICIA			ESPAÑA		
		TOTAL	Home	Muller	TOTAL	Home	Muller
Durante un día de colexio	Ningunha	6,2	9,1	3,3	5,8	7,5	4,1
	Media hora ou menos	6,3	7,2	5,4	6,1	7,2	5,0
	Ao redor de 1 hora	15,6	18,6	12,7	15,5	17,6	13,4
	De 2 a 3 horas	41,0	39,5	42,5	39,5	38,9	40,1
	De 4 a 5 horas	20,0	17,2	22,8	21,1	18,2	23,9
	Máis de 5 horas	10,9	8,4	13,3	12,0	10,6	13,5
Durante un día sen colexio (sábado, domingo ou vacacións)	Ningunha	4,5	7,0	2,1	4,5	5,8	3,1
	Media hora ou menos	1,8	3,0	0,8	2,2	3,0	1,3
	Ao redor de 1 hora	5,9	7,7	4,0	5,5	7,3	3,8
	De 2 a 3 horas	23,4	26,1	20,8	21,8	25,0	18,6
	De 4 a 5 horas	32,8	29,9	35,8	31,7	30,6	32,8
	Máis de 5 horas	31,5	26,3	36,6	34,3	28,3	40,4

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

A análise destes padróns de comportamento tamén permitiu estimar un posible uso problemático das redes sociais. Así, neste sentido, o 17,5 % dos mozos galegos atoparíase nesta situación e superaría a referencia española (15,3 %). Ademais, trátase dunha problemática máis estendida entre as mulleres ca entre os homes.

Táboa 18. Prevalencia do posible uso problemático das redes sociais entre o total do estudantado de ensinanzas secundarias de 14 a 18 anos segundo sexo (%). Galicia-España, 2025

	GALICIA			ESPAÑA		
	TOTAL	Home	Muller	TOTAL	Home	Muller
Posible uso problemático de redes sociais*	17,5	16,2	18,8	15,3	14,9	15,7

*Posible uso problemático das redes sociais = \sum Respostas positivas (moi de acordo e parcialmente de acordo) = 2-3 puntos (Holstein *et al.*, 2014)


Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

4.5.5. Pornografía

Outra das adicións comportamentais que se indagan en ESTUDES ten que ver co consumo de pornografía entre o alumnado de ensinanzas secundarias de 14 a 18 anos.

Nesta liña, o 56,9 % dos alumnos galegos declara que consumiu este tipo de contidos nalgunha ocasión, e baixa ao 50,1 % cando se acouta ao tramo temporal dos últimos 12 meses e ao 36,3 % se a referencia é o último mes. Apréciase un padrón similar no conxunto nacional, que pasa do 57,8 % no marco dalgunha vez na vida ao 50,5 % no último ano e ao 37,0 % nos 30 días previos á realización da enquisa.


Figura 29. Prevalencia de consumo de pornografía entre o total do estudantado de ensinanzas secundarias de 14 a 18 anos (%). Galicia-España, 2025



Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)

Debullando o consumo de pornografía segundo o sexo do alumnado de 14 a 18 anos, pódese concluír que se trata dun hábito moito máis estendido entre os homes (75,4 % en Galicia e 75,3 % en España) ca entre as mulleres (24,1 % e 24,7 %, respectivamente). Por idades, en ambos os territorios, hai unha clara tendencia progresiva na que, a medida que aumenta a idade, hai un maior consumo de pornografía, destacando o salto que se produce entre os tramos etarios de 14 e 15 anos (12,6 puntos porcentuais de diferenza en Galicia e 7,8 puntos no conxunto nacional).

Figura 30. Prevalencia do consumo de pornografía entre o total do estudiantado de ensinanzas secundarias de 14 a 18 anos (%) segundo sexo e idade. Galicia-España, 2025



Nota: As estimacións para o grupo de 18 anos na comunidade autónoma presentan elevada variabilidade da mostra polo reducido número de casos, polo que deben interpretarse con precaución.

Fonte: OEDA. Enquisa sobre uso de drogas en ensinanzas secundarias en España (ESTUDES)